

**ACTA DE TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME TÉCNICO PARA VALORACIÓN DAS OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS E CLASIFICACIÓN DAS EMPRESAS ADMITIDAS NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE NO POLÍGONO INDUSTRIAL NOVO MILLADOIRO. SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA. ANO 2024 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN519B).**

**EXPEDIENTE GD 11460/2024.**

*Os/As asinantes desta acta declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato ao que se fai referencia nesta acta e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode plantexarse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.*

Na Casa do Concello de Ames o día 29.08.2024, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **contratación mediante procedemento aberto simplificado** cun único criterio de valoración (factor prezo) das obras de **mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro**.

#### **ASISTENTES:**

##### **Presidenta:**

Susana Señorís Rodríguez, concelleira de servizos económicos do Concello de Ames.

##### **Vogais:**

- Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Celia Nercellas Colmeiro, adxunta intervención municipal.
- Emilio Garrido Moreira, técnico do Departamento de Contratación

Actúa como **Secretaria** do acto Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do Departamento de Contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións da presidenta da Mesa expón que, na reunión da Mesa de Contratación, de 22.08.2024, diante das baixas desproporcionadas presentadas por tres dos licitadores e ó obxecto de xustificar a oferta, acorda trasladar escrito a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP) as tres empresas, nas cales a súa oferta estaba considerada como desproporcionada e anormal, para que nun prazo de 5 días naturais xustificaran a baixa ofertada na súa oferta.

As tres empresas (Excavaciones y Obras Candal SL, SYR-AMG SL e GR Construcciones Obras y Servicios SL), presentan documentación xustificativa dentro do prazo establecido, a través da (PCSP), dando traslado da documentación ao técnico municipal, Esteban de la Fuente Rodríguez, para que emitira o preceptivo informe de valoración da documentación presentada polos licitadores con ofertas anormalmente baixas.

O 29.08.2024 o técnico do Ciclo Integral da Auga emite informe relativo á documentación presentada pola empresa, do teor literal seguinte:

***“INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR VARIAS EMPRESAS, RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS SÚAS OFERTAS, PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE NO POLÍGONO INDUSTRIAL NOVO MILLADOIRO. SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA. ANO 2024 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN519B).***

#### **ANTECEDENTES:**

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto simplificado para a execución da obra de referencia, cun presuposto de licitación sen IVE de 145.062,00 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 139.443,09 €, que supón un 3,8734 % de baixa.

Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

A) EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.: 138.273,10 € [4,68 % baixa]

A documentación que achega a empresa é:

- Nun xeito resumido, a empresa xustifica a súa oferta en base a varios factores. Entre eles, unha maior eficiencia en rendementos tanto de man de obra como de maquinaria en comparación co proxectado, experiencia do persoal, proximidade da obra ás súas instalacións, redución de custos por compartir maquinaria e persoal con outras obras próximas, e a amortización total da súa maquinaria. A oferta inclúe a subcontratación da partida de sinalización horizontal e unha redución dos gastos xerais ao 10,120%, e unha intención de beneficio reducida ao 3,311 %. A pesar de declarar estas reducións, o documento non proporciona a suficiente xustificación que avale as afirmacións feitas.

B) SYR-AMG, S.L.: 137.997,40 € [4,87 % baixa]

A documentación que achega a empresa é:

- Un escrito de manifestacións que non xustifica a baixa desproporcionada con respecto á media das empresas que concorreron ao proceso de licitación da obra.

C) GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.: 139.099,85 € [4,11 % baixa]

A documentación que achega a empresa é:

A empresa declara unha redución do prezo de licitación baseada en varios factores. Estes inclúen prezos de materiais máis baixos que os estimados inicialmente, rendementos maiores aos previstos, unha redución dos gastos xerais ao 4%, e unha intención de beneficio reducida ao 2%. A pesar de declarar estas reducións, o documento non proporciona xustificación adicional que avale as afirmacións feitas sobre a diminución dos gastos xerais e do beneficio industrial.

#### **Avaliación da documentación achegada:**

A xuízo do informante, as empresas, na documentación presentada, non xustifican satisfactoriamente o baixo nivel de prezos ou custos. Da análise da documentación achegada, evidénciase que non lograron demostrar de forma concluínte o fundamento detrás dos prezos ou custos presentados, considerados baixos en relación co estándar do proxecto.

É importante sinalar que a documentación achegada percíbese como incompleta, baseada en supostos e declaracións que, ou ben non contan cunha xustificación adecuada, ou revisten un carácter demasiado xenérico.

As empresas fundamentan as súas ofertas económicas nunha significativa diminución do prezo de certos materiais, en comparación co custo estipulado no proxecto inicial. Cabe destacar que o proxecto en cuestión avoga por solucións construtivas convencionais e amplamente recoñecidas no sector, sen a necesidade de recorrer a tecnoloxías únicas no mercado. Este panorama suxire que a fluctuación de prezos debería ser homoxénea para todas as empresas participantes, intensificando, neste contexto, a percepción dunha oferta "desproporcionada".

De maneira específica, dedúcese que a mencionada redución no custo dos materiais, atribuída a ofertas de provedores habituais, non se deriva de innovacións no proceso construtivo nin da adopción de solucións técnicas particularmente beneficiosas. Tampouco se identifica como resultado de propostas construtivas novas ou do cumprimento dalgunha obrigaición de índole ambiental, social ou laboral. É imperativo aclarar que tampouco se percibe como un beneficio outorgado polo Estado.

É mester sinalar que, no ámbito das licitacións públicas, notouse unha tendencia xeneralizada na que, debido á urxente necesidade de contratación por parte do sector para asegurar a súa permanencia e continuidade, están a presentarse ofertas con prezos reducidos e, en teoría, optimizados. Esta dinámica provoca licitacións por baixo do custo real de execución, co risco inherente de erosionar a solvencia económica das empresas. Isto, que nunha obra tras outra que acumulen perdas, podería resultar na incapacidade destas empresas para financiarse adecuadamente, aumentando con iso o risco de non cumprimento do contrato.

#### **CONCLUSIÓN:**

Examinada a documentación presentada polas empresas licitadoras para xustificar a súa oferta económica, considérase que aquelas non xustifican adecuadamente a baixa ofertada, polo que se informa de xeito desfavorable sobre a viabilidade das mesmas para levar a cabo o proxecto nas condicións e prezos propostos."

A vista deste resultado a Mesa de Contratación acorda propoñer ao Órgano de Contratación a exclusión do procedemento das empresas Excavaciones y Obras Candal SL, SYR-AMG SL e GR Construcciones Obras y Servicios SL, en base ao informe técnico anterior transcrito.

A continuación procédese á realizar a **clasificación de ofertas** das empresas admitidas, a través da aplicación do programa de valoración de ofertas en concursos da Deputación Provincial de A Coruña e segundo o establecido na Lei de contratos do sector público elaborase unha lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

EMPRESA	CIF	OFERTA ECON sen iva. >100	PUNTA- CION OFERTA ECON.	REDUCCIÓN PRAZO >20	PUNTAACION REDUCCIÓN PRAZO	PUNTAACIÓN TOTAL
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	B15025372	141.200,00	12,41	30 días	20	32,41
COSMALCA SL	B15121783	142.233,29	9,10	30 días	20	29,10
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608	143.451,81	5,18	30 días	20	25,18

Visto o anterior a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.-** Propoñer ao órgano de contratación a **exclusión** do procedemento de licitación das obras de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, con CIF A15352735 por atoparse na situación de prohibición para contratar polo motivo do Artigo 71.1.d) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen, durante o prazo de presentación de ofertas.

**Segundo.-** Trasladar ó órgano de contratación a exclusión do procedemento de licitación, das obras de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro, das seguintes empresas, por non xustificar a súa oferta considerada como anormalmente baixa.

EMPRESA	CIF
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.	B70262829
SYR-AMG, S.L.	B15938780

**Terceiro.-** Trasladar ó órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de **"mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro"** á empresa **Martínez Montes e Hijos SL** con CIF: B15025372, no prezo de cento corenta un mil douscentos euros (**141.200 €**), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de vinte e nove mil seiscientos cincuenta e dous euros (**29.652,00 €**) o que fai un importe total de cento setenta mil oitocentos cincuenta e dous euros (**170.852,00 €**), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria (redución do prazo de execución nun mes).

E non habendo máis asuntos que tratar a Presidenta da por rematado o acto do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.